



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO PONTEAREAS PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES.

En Santiago de Compostela, a mércores 17 de outubro de 2018.

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

Santiago
08/10/2018
XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN
Jorge Guzmán Santos

REUNIDOS

Dunha parte, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), con NIF Q6550004C e domicilio en Área Central, s/n, Polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela (A Coruña), representado por Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 94/2018, do 26 de setembro (DOG núm. 185, do 27 de setembro), en virtude das atribucións que lle confire a súa calidade de presidenta do IGVS, segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG núm. 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, o Concello de Ponteareas, con NIF P3604200J e domicilio en Xardín da Xiralda, s/n, Ponteareas, C.P. 36860, Pontevedra, representado por Xosé Represas Giraldez, na súa condición de alcalde.

As partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

MANIFESTAN

1.- O IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a una vivenda digna e adecuada,



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

Santiago

06 NOV. 2018

XEFE DO SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Área Central, s/n Pol. de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 19 00 - Fax 981 54 19 27

segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril de creación do IGVS, e pode, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

II.- O artigo 80.2.d) e e) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, nas materias de "ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais"; "o patrimonio histórico - artístico".

III.- As partes asinantes son conscientes que son moitas as edificacións existentes na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopan en estado de abandono e desocupación e nas cales as persoas propietarias desatenden o seu deber de conservación e que, asemade, as administracións locais e, de xeito especial os concellos máis pequenos, non teñen capacidade para asumir a execución subsidiaria, no caso de incumprimento dos/das propietarios/as, polo que dificilmente poden rematar procedementos iniciados co obxecto de esixir o cumprimento da citada obriga.

Por outra parte, desde o IGVS considérase conveniente facilitar a participación dos concellos nas intervencións públicas en materia de rehabilitación e rexeneración urbanas, de tal xeito que poidan acometer actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, co obxecto de recuperar ámbitos en estado deficiente de conservación, como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do ambiente, da paisaxe e do territorio, en prol de mellorar a calidade de vida dos cidadáns, facilitando que poidan dispor dunha vivenda digna e axeitada.

IV.- O 23 de setembro de 2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución da Presidencia do IGVS do 20 de setembro de 2016, pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

V.- O procedemento de acceso ao Fondo de cooperación foi convocado, para a anualidade de 2018, mediante a Resolución da Presidencia do IGVS do 15 de marzo de 2018 e, en virtude de Resolución da Dirección Xeral do IGVS do 3 de xullo de 2018,



aprobouse a solicitude formulada polo concello asinante deste convenio para o acceso ao Fondo de cooperación, a cal deberá materializarse mediante a sinatura do presente convenio de financiamento.

Polas razóns anteriores, as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que levan a efecto en virtude das seguintes

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

CLÁUSULAS

Santiago, 08 NOV 2018
XUNTA DE GALICIA
SERVIZO DE CONSTRUCCIÓN
Jorge Ovejún Santos

Primeira. *Obxecto*

O presente convenio ten por obxecto definir os termos da colaboración e os compromisos mutuos das partes asinantes, de cara ao financiamento con cargo ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (no sucesivo, Fondo de cooperación) da seguinte actuación:

Obxecto: ADQUISICIÓN DE INMOBLE NA PARROQUIA DE PÍAS PARA CONVERSIÓN EN CASA CULTURAL

Orzamento total: 150.000 €

Importe do financiamento: 150.000 €

Prazo de reposición: 8 AÑOS

Segunda. *Obrigas das partes*

O IGV S comprométese a:

- Financiar a actuación descrita na cláusula primeira, mediante a disposición da cantidade de 150.000 € a favor do concello asinante deste convenio.
- Transferir o referido importe ao concello, nos termos establecidos na cláusula terceira deste convenio.

Pola súa banda, o concello asinante deste convenio asume os seguintes compromisos:



a) Destinar as cantidades aboadas con cargo ao Fondo de cooperación á execución da actuación obxecto de financiamento.

b) A repoñer, no número de conta ES97 2080 0388 28 3110002902, con indicación do seu concepto, a cantidade percibida con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de 8 AÑOS, contados desde o día seguinte ao da data de formalización do presente convenio, mediante o ingreso dos seguintes importes.

Anualidade 2019: 18.750 €

Anualidade 2020: 18.750 €

Anualidade 2021: 18.750 €

Anualidade 2022: 18.750 €

Anualidade 2023: 18.750 €

Anualidade 2024: 18.750 €

Anualidade 2025: 18.750 €

Anualidade 2026: 18.750 €

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

Santiago,

08 NOV. 2018



SERVIÇO
de COORDINACIÓN

Jorge Oteirín Santos

As anteriores cantidades poderanse modificar no suposto de que o concello amortice o importe pendente da disposición, en virtude do establecido na cláusula cuarta deste convenio.

c) Justificar as actuacións obxecto de financiamento, nos termos previstos na cláusula quinta.

d) Incluír nos orzamentos dos seus exercicios seguintes -2019, 2020, 2021, 2022, 2023, 2024, 2025, 2026-, con cargo aos ingresos correntes, as anualidades previstas neste convenio para a reposición de fondos.

e) A permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non pagadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, para o suposto de que o concello non repuxese as cantidades acordadas dentro dos prazos fixados na resolución ou incumprise calquera outra das obrigas previstas no convenio de financiamento.

f) A ingresar no citado número de conta a totalidade da cantidade percibida, así como os seguros legais correspondentes á disposición realizada, no suposto de resolución anticipada do convenio por incumprimento das súas obrigas.

g) A non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese deberlles a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao sector público autonómico.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

Santiago

08 NOV 2018

Area Central, s/n Pol. de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 19 00 - Fax 981 54 19 27

ÁREA DE SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Otero Santos

Terceira. Disposición do importe con cargo ao Fondo de cooperación

A disposición de cantidades con cargo ao Fondo de cooperación efectuarase mediante transferencia bancaria ao número de conta ES5620800517453110000043.

Cuarta. Amortización

O concello poderá, en calquera momento, amortizar, total ou parcialmente, o importe pendente da disposición, debendo comunicarllo previamente ao IGVS mediante o anexo III da resolución de convocatoria de acceso ao Fondo de cooperación, cunha antelación mínima de quince (15) días naturais e máxima de sesenta (60) días, tamén naturais, á data na que se queira facer efectiva a amortización anticipada.

As amortizacións non poderán ser por unha contía inferior a cincuenta mil euros (50.000 €), agás que o concello queira reintegrar anticipadamente a totalidade do importe da disposición e esta fose inferior á dita cantidade.

O importe amortizado aplicarase proporcionalmente ás anualidades seguintes a aquela en que se realice a amortización.

O IGVS comunicará ao concello as cantidades a aboar en cada anualidade como consecuencia da amortización.

Quinta. Xustificación das actuacións obxecto de financiamento

O cumprimento por parte do concello das finalidades obxecto do financiamento deberá acreditarse ante a Dirección Xeral do IGVS mediante a presentación por vía electrónica dun certificado do órgano competente do concello acreditativo da finalización das actuacións ou, se é o caso, da adquisición do inmovible obxecto de financiamento. O prazo para presentar estes documentos será de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ao da data de finalización do período de execución da actuación ou, se é o caso, de adquisición do inmovible.

Sexta. Obrigas e compromisos económicos

O IGVS achegará un importe de 150.000 €, que será satisfeito con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2018:

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

Santiago,

08 NOV 2012

Área Central, s/n Pol. de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 19 00 – Fax 981 54 19 27



XEFITO SERVIÇOS
de CONTRATACIÓN

Jorge Outeirino Santos

Órgano administrativo/entidade	Aplicación orzamentaria	Importe
Instituto Galego da Vivenda e Solo	08.80.451A.821.60	150.000

Sétima. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento, integrada por dous (2) representantes de cada unha das partes.

As funcións da Comisión de Seguimento serán as seguintes:

- a) Efectuar un seguimento do grao de cumprimento dos compromisos asumidos polas partes asinantes deste convenio.
- b) Resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e no cumprimento do convenio.

A Comisión de Seguimento reunirase, a petición de calquera das partes, cantas veces se consideren oportunas para o desenvolvemento das súas tarefas.



Octava. Prazo de execución

O prazo de execución deste convenio comezará o día da súa sinatura e rematará na data en que se produza a efectiva reposición das cantidades percibidas con cargo ao Fondo de cooperación.



Novena. Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) O mutuo acordo das partes que o subscriben, manifestado por escrito.
- b) O incumprimento de calquera das súas cláusulas.
- c) A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.

Décima. Datos persoais

De conformidade co establecido nos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.

Santiago



Área Central, s/n Pol. de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 19 03 - Fax 981 54 19 27

decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei autonómica 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométese a tratar os datos persoais que fosen postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e co alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento.

Décimo primeira. Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo e réxese para os seus efectos polas súas cláusulas, non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ao disposto no artigo 4.1.c) do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puidesen presentar.

Dada a natureza xurídico pública do presente documento, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio, non solucionadas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso - administrativa.

E en proba de conformidade, asinan este convenio por duplicado e para un único efecto no lugar e na data arriba indicados.

Polo Instituto Galego da Vivenda e Solo

Ángeles Vázquez Meiro



Polo CONCELLO PONTEAREAS



Xosé Represas Giraldez

galicia

